



CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ (A CORUÑA)

Parque Municipal s/n · CP 15320 · Telf.981453116 · Fax 981453185 · REL 01150709 · CIF P1507100D

Ref.: MTF

B A N D O

VALENTÍN GONZÁLEZ FORMOSO, alcalde deste Concello,

FAGO SABER:

O día 28/09/2015 irrumpiron na estrada AC-101 (As Pontes-Ortigueira), preto do lago das Pontes, un total de once (11) équidos, sen identificar, que foron confinados nunhas instalacións rexentadas por Fernando Bello Pita, situadas na rúa José María Penabad López, para evitar accidentes de tráfico.

Os animais, sen identificación, son dous machos adultos, oito femias adultas e 1 poldra.

Consonte o disposto nos artigos 26 e 27 do Decreto 142/2012, do 14 de xuño, polo que se establecen as normas de identificación e ordenación zoonosanitaria dos animais equinos en Galicia, publicado no Diario Oficial de Galicia (DOG) nº 129, do 06/07/2012, este Concello arbitra as seguintes medidas:

1ª) As persoas físicas ou xurídicas que sexan propietarias dos animais e que reclamen o rescate deberán acreditar a súa propiedade perante a autoridade municipal competente, **facerse cargo dos danos que tivesen causado e identificar os équidos**, nas condicións previstas no Capítulo IV do dito Decreto 142/2012, do 14 de xuño (DIAEG), previamente á súa retirada das dependencias de custodia. **Tamén deberán aboar os gastos de captura e mantemento durante os días de confinamento.**

2ª) Os équidos capturados, non identificados e non reclamados, consideraranse mostrencos para todos os efectos. A autoridade municipal competente poderá decidir, logo de resolución motivada, a venda dos animais en poxa pública, a entrega gratuíta a espazos de acollida con capacidade de recepción ou o envío a sacrificio en matadoiros autorizados con destino final á destrución destes animais, nos termos do artigo 28 do DIAEG.

O prazo para que as persoas concernidas **reclamen os animais e de dous días hábiles** contados a partir do seguinte ao da publicación do presente bando.

As Pontes de García Rodríguez, 29 de setembro de 2015

O alcalde

